

Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra a Muller 2025



25N DÍA INTERNACIONAL DA
ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA
CONTRA A MULLER

O LIBRO VIOLETA do Concello de Touro é un espazo de reflexión, apoio e solidariedade na loita contra as violencias machistas. Todas as persoas que o desexen poden escribir nel, á fin de xerar de forma colectiva un manifesto que nos represente nesta loita. Porque AS TÚAS PALABRAS CONSTRÚEN!



PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO CONCELLO DE TOURO

18 de novembro – Actividade para alumnado de 3º e 4º da ESO

CPI Fonte Díaz

Obradoiro impartido por María Angélica Mercado Torres formadora e coaching especialista en estudos de xénero e políticas de igualdade. Dirixido á mocidade de 3º e 4º da ESO para ofrecer ferramentas que lles permitan previr, identificar e actuar ante situacións de violencia sexual.

25 de novembro – “O Libro Violeta”

Casa do Concello

O día 25 de novembro instalarase diante da Casa do Concello O Libro Violeta, un espazo aberto á participación cidadá no que toda a veciñanza poderá acercarse para deixar por escrito a súa reflexión persoal sobre o significado deste día. Como agradecemento pola súa implicación, entregarase un pequeno detalle ás persoas participantes.

25 de novembro. Escola de Familias

CPI Fonte Díaz

Tema: “Violencia sexual: que ven os nosos fillos en Internet?”

Sesión formativa dirixida a familias, centrada na violencia sexual exercida a través dos contidos dixitais. Abordaranse cuestións como: Que consumen os menores en Internet; a exposición temperá á pornografía como forma de violencia e e stratexias para acompañar, educar e protexer aos menores nun entorno dixital cada vez máis complexo.

26 de novembro

Centro de Maiores

Actividade: Quitámonos a careta”

O Centro de Maiores sumaranse á conmemoración do 25N cunha xornada de reflexión baixo o lema “Quitámonos a careta”. As persoas maiores compartirán as súas reflexións e experiencias, destacando a importancia do cambio de mentalidades, especialmente entre a poboación máis nova, para avanzar cara unha sociedade libre de violencia.

27 de novembro -Teatro Infantil – Grupo Trémola

CPI Fonte Díaz

Contacontos teatralizado: “Daniel e Daniela”

O grupo Trémola ofrecerá unha función infantil baseada no conto “Daniel e Daniela”. A través de diferentes historias, as nenas e nenos coñecerán a diversidade existente ao seu arredor, promovendo valores de igualdade, respecto e convivencia. Dirixido ao alumnado de Infantil e Primaria.

28 de novembro. Curso de Defensa Persoal

Casa da Cultura, de 10:00 a 13:00 h

Impartido por Ruth Lorenzo Couso, recoñecida karateka galega con proxección nacional e internacional. O curso está dirixido á cidadanía interesada en adquirir habilidades básicas de autoprotección. As inscricións deberán realizarse no Concello.



Concello de Touro